





A nova reforma da PAC

do ano 2003

XUNTA DE GALICIA







1.-

Os aspectos básicos da Reforma da PAC -2003

- 1.1.- ¿Cales son os antecedentes desta Reforma?
- 1.2.- ¿Para qué se fai a Reforma?
- 1.2.-¿Cales son as principais características desta Reforma para os agricultores?

2.-

O pago único por explotación

- 2.1.- ¿Qué é o pagamento único?
- 2.2.- ¿Qué son o período, importes e superficies de referencia?
- 2.3.- ¿Qué son os dereitos de axuda?
- 2.4.- ¿Qué significa a aplicación parcial do pagamento único?
- 2.5.- ¿Cando se empeza a aplicar?

3.-

A Reforma - 2003 nos distintos sectores

- 3.1.- Cultivos herbáceos
- 3.2.- Carne vacún
- 3.3.- Ovino-cabrún
- 3.4.- Sector lácteo
- 3.5.- Caso práctico

4.-

Condionalidade

- 4.1.- Requisitos legais de xestión
- 4.2.- Boas condicións agrarias e agroambientais, requisitos.
- 4.3.- Incumprimentos, reducións e exclusións.

5.-


Modulación

6.-


Lexislación (Europea, Nacional, Autonómica)

7.-

Máis información



**Aspectos básicos
da Reforma da
PAC-2003**






1.1.- ¿Cales son os antecedentes desta Reforma?

Dende o ano 1993 a política agraria común (PAC) ven compensando, con axudas directas ás explotacións agrarias, as baixadas dos prezos de intervención dos produtos agrarios e ligando a percepción das axudas á produción correspondente. Destas axudas beneficiáronse sectores como o dos cultivos de cereais, carne vacún ou de ovino e cabrún.

Coa axenda 2000 modificáronse algúns aspectos da PAC, incrementando as axudas e previndo a introdución doutras coma a prima láctea.

A nova reforma aprobada en xuño 2003 foise concretando ó longo de 2004, e xa se materializou nalgúns sectores como no pago, por primeira vez, da prima láctea.

Esta reforma supón un cambio importante nas axudas polo feito de , en xeral, non esixir unha produción determinada senón unicamente o cumprimento de requisitos legais (medio ambiente, identificación animal) e o respecto ás boas condicións agrarias e medioambientais. Trátase de responder así ás esixencias dos consumidores e contribuíntes, que valoran especialmente a calidade e seguridade alimentarias , e adaptarse ós condicionantes da Organización Mundial do Comercio (OMC).



1.2.- ¿Para qué se fai a Reforma?

No marco das esixencias dos consumidores e da O.M.C trátase de acadar os seguintes obxectivos:

- Incrementar a competitividade da agricultura e a ropea fomentando que os agricultores produzan para o mercado, independentemente da axuda percibida da PAC.
- Simplificación das medidas de apoio ó mercado e axudas directas, integrando varias axudas nun pago único por explotación.

1.3.- ¿Cales son as principais características desta Reforma para os agricultores?

Pódense resumir nas seguintes:

a) En xeral, cambia o sistema de solicitude e adxudicación das axudas directas, agrupándose nunha soa solicitude e nun so pagamento por explotación: O pagamento Único.




b) Este pagamento, que cobrará o produtor cada ano, estará condicionado polas axudas cobradas por el nun período de referencia: Dereitos de axuda.


c) A axuda non dependerá, en xeral, da produción obtida na explotación: Axuda non ligada á produción.

d) Algunha axuda en particular, como a prima por vaca nutriz, segue a depender da dispoñibilidade de dereitos de prima e da existencia de vacas: Ligada á produción.

e) Para o cobro íntegro das axudas será necesario cumprir determinados requisitos legais (medio ambiente, sanidade animal, e.t.c.) e de boas prácticas agrarias e medioambientais: Condicionalidade.

f) Haberá descontos destas axudas que se reasignarán ó sector a través de programas de desenvolvemento rural: Modulación








- Promoción dunha agricultura sostible e orientada ó mercado, cun fortalecemento da seguridade alimentaria.



- Potenciación do desenvolvemento rural cunha transferencia de fondos de axudas directas ó mesmo.


- Garantir a continuidade das axudas directas a explotacións ata o ano 2013.






**O pagamento único
por exploração**





2.1.- ¿Qué é o pagamento único?

É un pagamento que agrupará a meirande parte das axudas que ata agora está a recibir a explotación e que se solicitará unha vez ó ano. Algunha das axudas intégranse totalmente e outras parcialmente, segundo se indica no gráfico seguinte; no pagamento único:



- INCORPORACIÓN DE AXUDAS NO PAGAMENTO ÚNICO
- AXUDA QUE PERMANECE LIGADA Á PRODUCCIÓN

Cada ano para a percepción do pagamento único o solicitante deberá demostrar que é agricultor, que dispón de dereitos de pagamento único baseados nas axudas percibidas no período de referencia, que ten a superficie necesaria e que cumpre os requisitos de admisibilidade e condicionalidade.

Considéranse superficies admisibles para o pagamento único as terras de cultivo e pastos permanentes agás os ocupados por cultivos permanentes ou patacas ou bosques ou as utilizadas para actividades non agrarias.

As axudas non integradas no pagamento único séguense a solicitar de forma semellante á actualidade.

2.2.- ¿Qué é o período de referencia, importes de referencia e superficies de referencia?

a) O período de referencia: é o período de tempo que serve de base para o cálculo de importes e superficies de referencia de cada produtor e comprende os anos 2000, 2001 e 2002.

Este período pode modificarse cando por causas de forza maior (morte ou incapacidade laboral do produtor, epizootia no gando, e.t.c.) nun ou varios deses anos diminúan as axudas percibidas pola explotación, suprimindo ese ano.




Tamén se pode modificar, cando o produtor iniciara a actividade no ano 2001 ou no ano 2002, considerando unicamente os anos con actividade.


b) O importe de referencia: é a media dos importes totais dos pagos que cada ano do período de referencia concedéranse ó produtor nas liñas de axuda que se integran no pagamento único.

O cálculo non se basea nas axudas realmente cobradas senón nas superficies (ha) e animais determinados, é dicir, nas superficies e animais que cumpren tódalas condicións para a percepción das axudas en cada ano.

A esas unidades aplícaselles o importe unitario das axudas e primas correspondentes ó ano 2002.

c) A superficie de referencia: é a superficie en hectáreas que recibiu axudas directamente (cereais, e.t.c) e a superficie forraxeira da explotación utilizada para a alimentación de gando obxecto das primas gandeiras no período de referencia.





2.3.- ¿ Qué son os dereitos de axuda?

A cada produtor recoñeceráselle un dereito de axuda por hectárea que se calculará dividindo o importe de referencia pola superficie de referencia. Polo tanto o número de dereitos de axuda será igual ó número medio de hectáreas indicado antes.

Un dereito de axuda máis unha hectárea de terreo que cumpra as condicións de admisibilidade permitirá cobrar o importe determinado en €/ha.

Existen dereitos de axuda que teñen condicións especiais:

- a) Cando o agricultor non tivera hectáreas no período de referencia (por exemplo beneficiarios de prima por sacrificio de vacún ou de ovino – cabrún sen superficie forraxeira) recoñeceráselle un dereito de axuda igual ó importe de referencia.
- b) Se aínda tendo o agricultor superficie no período de referencia o importe por hectárea é superior a 5.000 recoñeceráselle un dereito de axuda por cada 5.000 ou fracción.

Nestes casos a) e b) o agricultor non terá a obriga de manter un número de hectáreas admisibles equivalente ó número de dereitos, á condición de que manteña ó menos o 50% da actividade exercida no período de referencia en Unidades de Gando Maior (UGM).

Tamén se establecen dereitos específicos para o caso de retirada obrigatoria de terras da produción.







2.4.- ¿Qué significa a aplicación parcial do pagamento único?

A Reforma da PAC formulada inicialmente contempla un pagamento único de axuda por explotación con independencia das producións agrarias obtidas. Esta proposta foi criticada porque podería fomentar o abandono da actividade agraria en determinadas zonas áridas ou pouco produtivas e porque non xustificaba as axudas a agricultores xa que poderían cobrar subvencións por non producir nada.

Optouse ó final por facer depender determinadas axudas, ben total ou parcialmente, da actividade produtiva correspondente o que se chama aplicación parcial do pagamento único. É dicir, que para cobrar a subvención é necesario ter o cultivo correspondente ou ter dereitos de prima gandeira e o gando correspondente, e polo tanto a axuda está ligada á produción.

No cadro indícase para cada axuda as porcentaxes do importe que quedan ligadas e non ligadas á produción.

A parte non ligada a produción cobrase, a partir de 2006, en función dos dereitos de pago único. A parte ligada a produción percibirase en función das cabezas ou superficies que cumpran as condicións establecidas, pero cun importe por cabeza ou hectárea igual ó actual multiplicado pola porcentaxe ligada a produción.



AXUDAS	LIGADAS A PRODUCCIÓN (%)	NON LIGADAS A PRODUCCIÓN (%)
Cultivos Herbáceos	25	75
Forraxes deshidratadas	0	100
Nutrices (prima base + nacional)	100	0
Prima especial	0	100
Prima sacrificio de xatos (< 8 meses)	100	0
Prima sacrificio adultos (> 8 meses)	40	60
Prima extensificación	0	100
Pago adicional vacún	0	100
Ovino – cabrún (prima base + especí.)	50	50
Pago adicional ovino – cabrún	0	100
Prima láctea	0	100
Pago adicional sector lácteo	0	100



2.5.- ¿Cando se empeza a aplicar?

O pago único por explotación en España empezárase a aplicar no ano 2006.



Sen embargo, dado que o pagamento único estará baseado en superficies, animais e importes pagados a produtores nos anos 2000, 2001 e 2002 é necesario realizar previamente diferentes actuacións nas datas que se resumen no cadro que se xunta.

Estas actuacións comprenden desde o cálculo provisional dos importes e superficies de referencia para os produtores que percibiron axudas nese período, pasando pola comunicación destes datos a ditos produtores, pola recollida polo FOGGA dos cambios na titularidade das explotacións (herdanzas, fusións, escisións, etc.) ou doutras circunstancias excepcionais das mesmas indicadas polos interesados. Tamén debe realizarse a verificación destes cambios pola Administración.

Posteriormente a finais de 2005 ou primeiros de 2006 realizarase un novo comunicado ós produtores coa asignación provisional de dereitos de axuda.

A principios de 2006 presentarase as primeiras solicitudes de asignación definitiva de dereitos e de axudas do pago único que se pagarán entre decembro de 2006 e xuño 2007.

RESUMO DE ACTUACIÓNS	DATAS
Cálculo provisional de importes e superficies de referencia	Maió – 2005
Comunicación á beneficiarios dos anos 2000, 2001 e 2002	Xuño – 2005
Presentación de solicitudes modificación de titulares e datos	Xuño – Xullo 2005
Revisión de solicitudes de modificación e comunicación ó MAPA	Agosto – Decembro 2005
Comunicación provisional de dereitos a agricultores	Decembro 2005 - Xaneiro 2006
Presentación de solicitudes de dereitos e de axuda do pago único	Xaneiro – Abril 2006
Pago da axuda, solicitada no ano 2006	Decembro 06 – Xuño 07



**A Reforma – 2003
nos distintos sectores**





3.1.- Cultivos herbáceos

Afecta fundamentalmente a produtores de millo e outros cereais. Neste sector o 75 % do importe da axuda intégrase no pago único, e para cobrala é necesario dispoñer de dereitos de pago único e un número de hectáreas equivalente a ese número de dereitos, pero non é imprescindible producir cereais ou outros cultivos herbáceos.

Outro 25 % da axuda permanece ligada e cobrarase en función das superficies sementadas, destes cultivos herbáceos, dos rendementos en t/ha establecidos para cada zona a razón de 15,75 €/tonelada, en vez de 63 €/ tonelada que se viría cobrando ata o de agora. Para percibir esta parte de subvención non é necesario dispoñer de dereitos de axuda.

3.2.- Carne vacún

3.2.1.- Vacas nutrices

Esta prima, é dicir, coa entrada do réxime do pagamento único, queda totalmente vinculada á produción, ligada a produción ó 100 %. A subvención cobrarase en función do número de animais determinados e dos dereitos de vacas nutrices que teña o produtor a razón de 200€ /cabeza. A prima nacional terá exactamente o mesmo tratamento que a prima por vaca nutriz a razón de 24, 15 €/ cabeza adicionais.

Esta decisión de ligar a produción ten o obxectivo de evitar o abandono da actividade sobre todo en zonas desfavorecidas xa que a produtividade é menor e ademais é onde están a maior parte das explotacións de vacas nutrices.

3.2.2.- Sacrificio de xatos

Esta axuda tamén permanecerá ligada totalmente á produción e afecta a produtores de carne de vacún que sacrifiquen animais da especie bovina que sexan maiores dun mes e menores de 8 meses e un peso en canal de 185 kg como máximo.


O importe da axuda é de 50 €/ cabeza sacrificada e non é necesario dispoñer de dereitos de pago único para o cobro da mesma. Está limitada a un máximo de 25.629 animais en España.

3.2.3.- Sacrificio de adultos

Afecta a produtores de carne de vacún que sacrifiquen animais da especie bovina que sexan maiores de 8 meses de idade. Esta axuda está parcialmente ligada á produción xa que neste sector o 60 % do importe da axuda intégrase no pago único e para percibila non é necesario sacrificar animais senón dispoñer de dereitos de pago único e dun número de hectáreas equivalente a eses dereitos ou do censo de animais correspondente no caso de dereitos especiais.

Outro 40 % da axuda mantense ligada a produción e para percibila o produtor debe manter e sacrificar reses de bovino de 8 meses ou máis polos que se cobrará a razón de 32 €/ cabeza, en vez dos 80 €/ cabeza que se cobran na actualidade.

A axuda ligada limitase a 1.982.216 animais en España.




3.2.4.- Prima especial de engorde de xatos, prima por extensificación e pago adicional de gando bovino.


O importe destas primas queda totalmente integrado no pagamento único. O cobro dos importes correspondentes está condicionado á dispoñibilidade de dereitos de pago único e das hectáreas ou do censo de calquera tipo de gando que correspondan ós mesmos.

3.3.- Ovino – cabrún

Este sector tiña tres compoñentes da prima: prima base, complementaria de zonas desfavorecidas e pago adicional. No futuro non se liga a produción e intégrase no pago único o 50 % da prima base, o 50 % da prima complementaria e o 100 % do pago adicional. Para percibir estes importes é necesario dispoñer de dereitos de pago único e da superficie ou censos de gando correspondentes.

Quedan ligadas á produción o 50 % a prima base e o 50 % da prima complementaria e estes importes cobraranse en función do número de ovellas ou cabras e






dos dereitos de prima dispoñibles a razón de 10,50 €/ovella pesada, 8,4 €/cabra ou ovella lixeira e de 3,50 €/cabeza pola prima complementaria en zonas desfavorecidas. Non é necesario dispoñer de dereitos de axuda de pagamento único para percibir á axuda ligada á produción.

3.4.- Sector lácteo

A partir do ano 2006 as axudas ó sector lácteo (prima láctea e pagos adicionais) intégranse no pago único polo que quedan desligadas á produción nun 100%

A integración no pagamento único farase en función da cota dispoñible para o produtor a 31 de marzo de 2006 e dos importes unitarios de prima láctea e pago adicional que corresponden no ano 2006.

Para percibir esta axuda no futuro non é necesario nin dispoñer de cota láctea, nin producir leite, senón unicamente ter dereitos de pago único e a superficie ou censo de gando correspondente.





3.5.- Caso práctico

a) A situación no período de referencia

Trátase dunha explotación de vacún que no período de referencia cobrou primas por vacas nutrices, especial de xatos, extensificación, sacrificio e pagos adicionais de vacún. Ademais cobrou axuda polo cultivo de millo no Concello de Vilalba.

		Superficies e animais determinados			
		2000	2001	2002	MEDIA
GANDO	Vacas nutrices e xovencas	4	5	6	5
	Prima especial xatos (*)	16	15	14	15
	Sacrificio adultos (*)	13	13	11	12,3
	Prima extensificación (S/N)	S	S	S	S
	Pago adicional vacún (€)	0	0	600	200
SUPERFICIES	Nº de ha. pradería	40	39	38	39
	Cereais (millo)	1	1	1	1
Nº DE DEREITOS = Nº DE HECTÁREAS					40,00

(*) Xa están aplicados os factores correctores correspondentes a cada ano.

GANDO	Nº medio animais determinados	Importe Unitario €/cabeza	% RPU	Importe Referencia (€)
Vacas nutrices e xovencas	5	200,00	0	0,00
Prima nacional	5	24,15	0	0,00
Prima especial xatos (*)	15	210,00	100	3.150,00
Prima extensificación	20	100,00	100	2.000,00
Sacrificio adultos	12,3	80,00	60	590,40
Pago adicional vacún (€)	200,00	-	100	200,00
SUPERFICIES	Nº medio ha. determinadas	Importe Unitario €/ha.	% RPU	Importe Referencia (€)
Cereais (Rdto.: 3,7 t/ha.)	1	233,1	75	174,83
IMPORTES DE REFERENCIA (GANDO + SUPERFICIES) (€)				6.115,23

VALOR UNITARIO DOS DEREITOS = $\frac{\text{Importe de referencia total (6.115,23 €)}}{\text{Nº hectáreas (40,00)}} = 152,88 \text{ € / ha}$



b) A situación en 2006



O produtor no ano 2006 ten 3 vacas nutrices, unha cota leiteira a 31 de marzo do 2006 de 90.000 kg, segue a engordar xatos e sacrifica 16 animais de mais de 8 meses, segue tendo 40 hectáreas das que 38 son pradería e 2 sementadas a millo.

No seguinte cadro indícanse as axudas:

Producción / Axuda	Superficie	Cabezas	Pago único			Ligado á produción			Total axuda €
			Dereitos	€/ha	Importe	Ud.	€/Ud	Importe	
Vacas nutrices e xovencas	-	3	-		0	3	200,00	600,00	600,00
Prima nacional	-	3	-		0	3	24,15	72,45	72,45
Prima especial xatos	-	15	-		0	0		0,00	0,00
Prima extensificación	-	18	-		0	0		0,00	0,00
Sacrificio adultos	-	16	-		0	16	32	512,00	512,00
Pago adicional vacún	-	-	-		0	0		0,00	0,00
Superficie de pradería	38	-	38,00	152,88	5.809,44	-		-	5.809,44
Cereais (millo)	2	-	2,00	152,88	305,73	2	58,28	116,56	422,32
Prima láctea cota = 90.000 kg	-	-	-		3.193,00	-		0,00	3.193,00
TOTAIS			40,00		9.308,20	-		1.301,01	10.609,31


Dereitos 40,00


Novo valor do dereito €/ha 232,71 €/ha



Condiciónalidade

Tendo en conta a sensibilización da sociedade pola calidade e seguridade alimentaria e polo respecto ó medio ambiente, a percepción das axudas da PAC polos agricultores a partir do ano 2005, está condicionada por unha banda ó cumprimento dos denominados **requisitos legais de xestión** e pola outra as boas **condicións agrarias e medioambientais**, que en conxunto agrúpanse no concepto de **condiciónalidade**.







4.1.- Requisitos legais de xestión

Están recollidos en directivas e regulamentos comunitarios e a esixencia do seu cumprimento é progresiva a partir do ano 2005 segundo se indica no anexo 21 da Orde da Consellería de P.A e D.R de 24.01.05 e se resume no cadro que se xunta:

REQUISITOS LEGAIS DE XESTIÓN (Datas de aplicación)		
Medio Ambiente	Saúde Pública, Zoonidade e Fitosanidade	Benestar Animal
Dende 01/01/2005	Dende 01/01/2005	Dende 01/01/2007
-Protección de aves	-Identificación e rexistro de animais	-Protección de xatos
-Protección de hábitats	Dende 01/01/2006	-Protección de porcino
-Protección de augas subterráneas (sustancias perigosas)	-Comercialización de fitosanitarios	-Protección de animais en explotacións gandeiras
-Protección de solos (lodos de depuradora)	-Sustancias hormonais e tiroestáticas	
-Protección de augas (nitratos de agricultura)	-Seguridade alimentaria	
	- Encelopatía esponxiforme bovina	
	-Notificación de enfermidades de animais	





4.2.- Boas condicións agrarias e agroambientais e requisitos

Son normas que deben cumprirse para evitar a erosión do solo, manter a materia orgánica do mesmo e a súa estrutura e garantir un nivel mínimo de mantemento das superficies evitando o deterioro dos hábitats, segundo se indica no anexo 22 da Orde da Consellería de 24.01.05.

Resúmense a continuación os elementos principais:

1.- Evitar a erosión

Non labrar na dirección da pendente cando esta sexa superior ó 10 % e a superficie da parcela superior a 1 hectárea. En cultivos herbáceos de inverno, non labrar entre a data de recolección e o 1 de setembro, salvo casos especiais de rotación de cultivos.

Manter en bo estado de conservación as terrazas de retención.

2.- Conservar a materia orgánica do solo

Non queimar os restollos.

3.- Manter a estrutura do solo

Evitar a utilización de vehículos en terreos saturados, encharcados ou con neve que deixen pegadas de rozadura de mais de 15 cm de profundidade.

4.- Garantir o mantemento mínimo das superficies agrarias

Non queimar nin decruar pastos permanentes salvo para rexeneración

Manter nos pastos permanentes unha carga gandeira mínima efectiva, superior a 0,1 UGM/ha ou evitar a invasión por matogueira


En terreos de cultivo evitar a invasión por especies de vexetación espontáneas non desexables.

5.- Evitar o deterioro dos hábitats

Manter as características topográficas dos elementos estruturais do terreo: valos con vexetación natural, sebes, etc.

Non aplicar produtos fitosanitarios, lodos, fertilizantes, zurro ou esterco sobre terreos encharcados ou con neve, nin sobre augas correntes ou estancadas.

No caso de explotacións gandeiras en estabulación permanente ou semipermanente, dispoñer de depósitos de almacenamento ou fosas de zurro ou esterco de capacidade suficiente.





4.3.- Incumprimentos, reducións e exclusións


Cando se comprobe o incumprimento polo produtor dalgún dos requisitos legais de xestión e das boas condicións agrarias ou medioambientais, o FOGGA establecerá as reducións ou exclusións do importe dos pagos directos que se teñan recibido ou se reciban correspondentes ó ano civil no que se produza o incumprimento.

A avaliación do incumprimento farase acordo con:


- A **gravidade** ou importancia das consecuencias tendo en conta o obxectivo do requisito ou norma en cuestión.
- O **alcance** do incumprimento, tendo en conta se as repercusións do mesmo se limitan á explotación ou van máis alá da mesma.
- A **persistencia** do incumprimento en función do tempo que duren os efectos do mesmo e a posibilidade de poñer fin ós mesmos.
- Considérase un **incumprimento repetido** se determina mais dunha vez nun período de tres anos a condición de que se teña informado ó produtor do dito incumprimento.



Se o incumprimento é por **neglixencia** a redución dos importes de tódalas axudas do ano variará do 1 ó 5 % , podendo chegar ó 15 % se é o caso de incumprimentos repetidos.

Se se trata dun **incumprimento intencional** a redución dos importes das axudas do ano poderá variar do 15 ó 100 %.



Modulación





Tratase dunha redución lineal e obrigatoria en tódolos Estados membros e a tódolos agricultores, sobre o total dos pagos directos que reciben nunha campaña. As porcentaxes de redución serán:

- 2005: Redución dun 3%
- 2006: Redución dun 4%
- 2007 – 2012 : Redución dun 5%.

Esta redución aínda que se aplica a todos os agricultores está previsto que lle afecte só a aqueles que teñen un importe de axuda anual maior de 5.000 €.


- Se o importe de axuda anual é inferior a 5.000 € poderá devolverse, posteriormente o importe reducido.
- Se o importe de axuda anual é superior a 5.000 € poderá devolverse, posteriormente a redución correspondente ós primeiros 5.000 € ou menos.


O importe a devolver pode ser menor porque existe un límite de axuda a devolver para cada Estado.

Na seguinte táboa **indícase a aplicación da modulación** no referente ó exemplo do punto 3.5, no caso dun produtor no ano 2006 que ten 3 vacas nutrices, unha cota leiteira de 90.000 kg, engorda e sacrifica 16 xatos de mais de 8 meses, con 40 hectáreas das que nese ano cultivou 2 ha de millo e o resto dedicounas a pradería; ó que se lle aplicará unha redución do 4% en tódolos pagos:




APLICACIÓN DA MODULACIÓN NO ANO 2006 (exemplo 3.5)


Importe total de axuda (€)	10.609, 31 €
Modulación (4%)	424, 37 €
Importe a cobrar inicialmente (€)	10.184, 94 €
Devolución correspondente (4% de 5.000 €)	200, 00 €
Importe total a cobrar	10.384, 94 €





**Lexislación (Europea,
Nacional, Autonómica)**





Europea:

- **Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello de 29 de setembro de 2003** polo que se establecen disposicións comúns aplicables ós réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e instáuranse determinados réximes de axuda ós agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CEE) nº 2019/93, (CE) nº 1452/2001, (CE) nº 1453/2001, (CE) nº 1454/2001, (CE) nº 1868/94, (CE) nº 1251/1999, (CE) nº 1254/1999, (CE) nº 1673/2000, (CEE) nº 2358/71, (CE) nº 2529/2001.

- Corrección de erros do Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, 29 de setembro de 2003.

- Regulamento (CE) nº 21/2004 do Consello de 17 de decembro de 2003, (modifica o Regulamento (CE) nº 1782/2003 do 29 de setembro).

- Decisión do Consello do 22 de marzo de 2004, (modifica o Regulamento (CE) nº 1782/2003 do 29 de setembro).

- Regulamento (CE) nº 583/2004 do Consello do 22 de marzo de 2004, (modifica o Regulamento (CE) nº 1782/2003 do 29 de setembro).

- Regulamento (CE) nº 864/2004 do Consello do 29 de abril de 2004, (modifica o Regulamento (CE) nº 1782/2003 do 29 de setembro).

- Regulamento (CE) nº 118/2005 da Comisión do 26 de xaneiro do 2005, (modifica o Regulamento (CE) nº 1782/2003 do 29 de setembro).

- **Regulamento (CE) nº 795/2004 da Comisión do 21 de abril de 2004.**

- Corrección de erros do Regulamento (CE) nº 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

- Regulamento (CE) nº 1974/2004 da Comisión do 29 de outubro de 2004, (modifica o Regulamento 795/2004 do 21 de abril).

- Regulamento (CE) nº 394/2005 da Comisión do 8 de marzo de 2005, (modifica o Regulamento 795/2004 do 21 de abril).

- **Regulamento (CE) nº 796/2004 da Comisión do 21 de abril de 2004.**

- Corrección de erros do Regulamento 796/2004 da Comisión, do 21 de abril do 2004.

- Regulamento (CE) nº 239/2005 da Comisión de 11 febreiro do 2005, (modifica o Regulamento 796/2004 do 21 de abril).

- Real Decreto 2352/2004, do 23 de decembro do 2004 sobre a aplicación da condicionalidade en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común.


Nacional:



- Orde APA/1171/2005, do 15 de abril, sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime do pago único.

Autonómica:



- Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se regulan as solicitudes, no ano 2005, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria e se establece o sistema de información xeográfica de parcelas de Galicia.

- Orde da Consellería de P.A e D.R. do 30 de maio do 2005, de actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime de pagamento único.





Más información



MÁS INFORMACIÓN

- Nas oficinas agrarias comarcais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.
- Nos Servizos Provinciais do FOGGA en:

• A CORUÑA

Edificio Administrativo
Monelos, 4ª planta
Tlfno: 981 184 557

• LUGO


Ronda da Muralla, 70
2ª planta
Tlfno: 982 294 463


• OURENSE

Curros Enríquez, 1
6ª planta
Tlfno: 988 211 019

• PONTEVEDRA

Benito Corbal, 47
6ª planta
Tlfno: 986 805 443





 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGRICOLA, ALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

 FOGGA
FEDERACIÓN GALIÇA DE ORGANISMOS
AGRICOLAS



 Galicia
camiños de
concordia